

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 29 de maio de 2017 pola que se amplía o prazo máximo de execución dos proxectos establecido na Resolución do 5 de agosto de 2016 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2016-2017, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

No *Diario Oficial de Galicia* número 165, do 1 de setembro de 2016, publicouse a Resolución do 5 de agosto de 2016 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2016-2017, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión., e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

No punto terceiro do Resolvo establécese que para aqueles proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 13 de novembro de 2016, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 18 de novembro de 2016. Para aqueles proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 30 de setembro de 2017, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 30 de setembro de 2017.

Tendo en conta que na data actual existe un remanente correspondente a accións previstas non executadas e para permitir unha maior execución destas bases, faise preciso ampliar o prazo de execución dos proxectos da anualidade 2017.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dado que non se causan prexuízos a terceiros,

RESOLVO:

Artigo 1

Ampliar o prazo máximo de execución dos proxectos da anualidade 2017 ata o 31 de outubro de 2017 e o prazo para presentar a solicitude de cobramento ata o 17 de novembro



de 2017, previstos no punto terceiro do Resolvo da Resolución do 5 de agosto de 2016 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2016-2017, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Artigo 2

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

